



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Expediente: 2023000010261

Referencia: PEL-EMPRENDE INVEST / 2023

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DECLARA A PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE CONVOCATORIA DE AXUDAS Á CONSOLIDACIÓN E AO FORTALECEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA A TRAVÉS DO APOIO AO INVESTIMENTO EN BENS INVENTARIABLES DE OS AGROS DE FRIEIRO, S. COOP. GALEGA

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto o expediente número 2023000010261, relativo á subvención correspondente ao programa anteriormente citado, no que se acreditan os seguintes:

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- Por resolución da Presidencia concedeuse a subvención que se indica de seguido, ao abeiro da convocatoria publicada no Boletín Oficial Provincial número 19, do 27 de xaneiro de 2023

Segundo.- A unidade xestora comprobou que a persoa beneficiaria non cumpre cos requisitos para o cobro da subvención concedida.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece no seu artigo 14 a obriga do beneficiario de xustificar ante o órgano concedente, o cumprimento de requisitos e condicións, así como a realización da actividade ou investimento subvencionado e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou desfrute da subvención.

Segundo.- A Convocatoria de axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables, establece os requisitos para a xustificación e pagamento das subvencións.

Vistos os informes emitidos e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente.

RESOLVO:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobro da subvención cuxos datos se sinalan deseguido, polo motivo que se indica:

Beneficiario: OS AGROS DE FRIEIRO, S. COOP. GALEGA

NIF: F09803578

Expediente: 2023000010261

Obxecto da subvención: Axuda para a compra de bens inventariables

Importe da subvención: 17.500,00 €

Motivo da perda do dereito ao cobro: O 30 de xaneiro do 2024 a persoa beneficiaria achega a xustificación da axuda PEL Emprende Investimento 2023.

O 23 de febreiro do 2024 notifícaselle informe de situación por evidencias de que a beneficiaria OS AGROS DE FRIEIRO S. COOP. GALEGA é transformación ou continuidade da actividade que ven exercendo a entidade OS AGROS DE FRIEIRO, S.C, dende o ano 2007, polo que se incumpre o indicado na base específica 5 da convocatoria, a cal determina que quedan excluídas destas axudas: "No caso de novas empresas ou persoas autónomas que opten á axuda por non ter unha antigüidade superior aos cinco anos e cumpran os requisitos da anterior base 4, quedarán excluídas se son transformación doutras cuxa primeira inscrición no Rexistro público correspondente, ou alta no RETA, teña unha antigüidade superior a cinco anos ou que sexan continuidade dunha actividade que viña desenvolvendo outra empresa ou persoa autónoma cunha antigüidade de máis de cinco anos".

No informe de situación advírtese que conta con 10 días hábiles para achegar alegacións ou emendar a xustificación e que transcorrido ese prazo se tramitaría a perda do dereito ao cobro da subvención concedida.

O 7 de marzo do 2024 a persoa beneficiaria achega alegacións, as cales se desestiman porque non desvirtúan o motivo do incumprimento da base 5 citada e, ademais, vistos os datos que obran no expediente e tras examinar as coincidencias entre a empresa Os Agros de Frieiro, S.C. e a solicitante Os Agros de Frieiro, S. Coop. Galega, existen evidencias para considerar que o Tanque de leite, podería ser utilizado pola empresa Os Agros de Frieiro, S.C., posto que segue tendo actividade, con infracción das normas aplicables e da finalidade da subvención que, non é outra que promover e motivar a implantación de novas empresas, apoiándose na adquisición dos bens necesarios para o desempeño da súa actividade.

Lémbrese que os bens que son adquiridos a través desta liña de axudas deben ser destinados á actividade da entidade subvencionada e, non utilizados por terceiras entidades non beneficiarias, o contrario, sería constitutivo de causa de perda do dereito da subvención concedida, por infracción da finalidade da liña de subvencións.

Neste mesmo sentido tense pronunciado o xulgado número 4 do Contencioso-Administrativo da Coruña na súa sentenza 00111/2021 de 29 de xuño de 2021, manifestándose nos seguintes termos: "[...] los bienes que son adquiridos por las beneficiarias de la subvención, a través de esta línea de ayudas, deben ser destinados a la actividad de la entidad subvencionada y, no utilizados por terceras entidades no beneficiarias, lo contrario, sería constitutivo de causa de reintegro de la subvención concedida, por infracción de la finalidad de la línea de subvenciones. Por tanto, si se permitiese que, los bienes subvencionados fuesen destinados o utilizados por terceras entidades, se desvirtuaría el fin último de la línea de subvenciones, que no es otro que, apoyar a pequeñas y medianas empresas de reciente creación e la adquisición de bienes que les resulten necesarios para el desempeño de su actividad".

2º.- Anular os documentos contables correspondentes: fase AD, operación número 220230037725, aplicación 0520/24100/771.

3º.- Iniciar, no caso de que proceda, o correspondente expediente de reintegro do abono do anticipo.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.